



C CULTURAL
GAL
FEIRA DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

2·3·4
DECEMBRO 2011

PAZO DA CULTURA
DE PONTEVEDRA

Manual do Expositor

**SE É CULTURA,
ESTÁ EN CULTURAL**

ÍNDICE

1) Culturgal é...	_ páxina 2
2) Información básica da feira	_ páxina 3
3) Áreas de exposición	_ páxina 4
4) Stands	_ páxina 5
4.1) Tipos de stand dispoñibles. Mobiliario adicional	
4.1.1) Stands modulares	
4.1.2) Stands de deseño libre	
4.2) Condicións de contratación. Servizos incluídos, tarifas e prazos	
4.3) Normativa xeral de contratación	
5) Vantaxes adicionais ao contratar un stand	_ páxina 14
5.1) Foro Culturgal	
5.2) Tenda Culturgal	
5.3) Catálogo de expositores	
5.4) Propostas de actividades e presentacións	
6) Acreditación profesional obrigatoria	_ páxina 15
7) Modelo de contratación de espazos e servizos adicionais	_ páxina 15
8) Calendario para expositores	_ páxina 16
9) Contacto	_ páxina 17

1/ Culturgal é...

Culturgal é **o fogar da cultura galega**. Un fogar coas portas e as ventás abertas cara a sociedade. Un espazo colectivo cheo de música, de literatura, de creación audiovisual, de artes escénicas, de deseño e de novas tecnoloxías.

Culturgal é **a túa cita anual imprescindible coas industrias culturais**. Unha feira organizada polas máis importantes asociacións do sector coa colaboración das empresas, dos artistas, dos colectivos e das institucións do gremio. Un espazo de encontro no que coñecer e darse a coñecer.

Culturgal é **a gran festa da cultura galega**. Unha romaría na que o ano pasado participaron máis de 14.000 persoas. Tres días de intensa actividade que encheron o Pazo da Cultura de Pontevedra de concertos, representacións teatrais, showcases, presentacións de libros e proxectos multidisciplinares, debates, conferencias, conversas con autores e autoras, exposicións, obradoiros...

Culturgal é **o escaparate perfecto para presentar novos proxectos e ideas**. Reserva xa o teu stand na Feira e escolle o cuarto perfecto para ti. Ata o 25 de setembro, tamén podes propoñernos unha actividade ou presentación para dar a coñecer os teus proxectos e ideas. Se fas cultura, téus que estar no Culturgal.

Entra ata a cociña. Estás na túa casa.

2/ Información básica da Feira

2.1/ Calendario e horario xeral da Feira

A cuarta edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia terá lugar os días 2, 3 e 4 de decembro no recinto feiral do Pazo da Cultura de Pontevedra.

O horario de apertura ao público será de 11h00 a 14h30 e de 16h30 a 21h30, o venres e o sábado; e de 11h a 14h30 e de 16h30 a 20h30, o domingo. Porén, a organización resérvase o dereito a alterar os horarios de apertura e de peche da feira por causa maior ou de outra índole, sen que as entidades expositoras teñan dereito a ningún tipo de indemnización.

O horario de acceso ao recinto para persoal das entidades expositoras e profesionais acreditados será de 9h30 a 22h00.

2.2/ Como chegar

Na páxina web www.culturgal.com habilitouse a sección CULTURGAL > CÓMO CHEGAR

Ademais, a secretaria técnica da Feira porá a disposición das empresas expositoras información dunha selección de establecementos hoteleiros de Pontevedra. Se é do teu interese, contacta para solicitala.

2.3/ Hostalaría

Dentro do propio recinto feiral habilitaranse varios servizos de hostalaría: unha cafetería e un bar abertos ao público e un espazo reservado exclusivamente para profesionais.

Durante o horario de peche ao público do mediodía será posible xantar no recinto feiral. A organización difundirá con suficiente antelación entre entidades expositoras e profesionais un programa especial de “Xantares no Culturgal”, que requerirá de inscrición previa.

Non existirá servizo de cea no recinto feiral.

3/ Áreas de exposición

O recibidor, a cociña, o cuarto dos nenos, o salón, o patio, o garaxe... A gran casa da cultura galega, como todas as casas, estará dividida en cuartos, segundo os tipos de público e a natureza dos proxectos culturais que cada entidade expositora propoña.

Como na maioría dos fogares, o **salón** é o espazo central desta casa. Un cuarto confortable e amplo no que se sucederán as presentacións das últimas novidades editoriais e as conversas informais entre xornalistas e autores. Un ferreiro de público e de ideas. O lugar perfecto para presentar e coñecer calquera proxecto relacionado coa industria editorial.

Non moi lonxe, no **cuarto dos nenos**, sucederanse as actividades para o público infantil e xuvenil de xeito continuo ao longo de toda a fin de semana. Obradoiros, exposicións, contacontos, maxia, teatro, danza, presentacións de libros e discos... dende a apertura da feira ata o peche, non haberá un momento para aburrirse.

No outro extremo da casa estará o **patio**, a área máis canalla desta casa. Un bar con programación non stop de música, teatro e danza. En pequenas doses, para que dea tempo a dixerir todas as novidades. Entre pílula e pílula, vídeos cos grandes eventos culturais deste ano.

Para fedellar coas pantallas e trebellos que forman parte ineludible da nosa vida e da nosa maneira de entender a cultura hai que baixar ao **garaxe**, o recuncho no que atopar e difundir todo o relacionado coa industria audiovisual, as novas tecnoloxías da información, os novos medios e, en xeral, calquera proxecto baseado na creación e na distribución dixital de contidos culturais.

Asignación de espazos

As entidades expositoras que reservaron o seu stand antes do día 5 de setembro poderán escoller o espazo que mellor se adapte ás súas necesidades. A escolla farase atendendo exclusivamente á orde de formalización da reserva. Posteriormente, a organización asignará o resto dos espazos ás entidades que non fixeron reserva previa, atendendo aos criterios que considere oportunos e buscando que todos os postos poidan ter condicións similares de visibilidade.

4/ Stands

4.1/ Tipos de stand dispoñibles. Mobiliario adicional

4.1.1/ Stands modulares

A organización de Culturgal ofrece varias solucións pensadas para satisfacer as necesidades dos distintos tipos de entidades expositoras.

Por unha parte, o Stand A é a mellor opción para o sector editorial e todas aquelas empresas que desexen realizar venda de produtos no seu stand. Existen dúas opcións de mobiliario básico e ademais, quen o desexe, pode contratar o Stand B e gozar do dobre de espazo a un prezo especial.

Pensando nas entidades que desexan difundir os seus proxectos ou servizos, está dispoñible o Stand C, que permite contar cun espazo propio e con visibilidade na feira, ao tempo que dá liberdade ás persoas responsables da entidade expositora para participar nas distintas actividades e para ter xuntanzas de traballo noutros stands ou en calquera dos múltiples espazos comúns da Feira.

Aquelas entidades que non desexen atender un punto de venda no seu stand durante toda a Feira poden remitir os seus produtos estrela á Tenda Culturgal, na que o público poderá mercar con todas as comodidades (atención especializada, pago con TPV, etc) ao tempo que a empresa expositora poderá liberarse de pesadas tarefas de xestión como inventario, almacenamento, liquidación, atención continua, etc. A sección Tenda Culturgal desta guía ofrece información máis ampla ao respecto.



Stand de 3m x 2m (2,5m de altura)

Paredes de melamina branca. Medida dos paneis: 1m x 2,50m. Estrutura de encaixe de aluminio. Iluminación individual. Unidade de cadro eléctrico individual de 15A con interruptor e enchufe. Elementos construtivos e eléctricos homologados M1
Moqueta feiral homologada M1, 6m²
Displayer logo entidade expositora (50x50 cm)

Mobiliario básico incluído:

1 Mesa expositora de 200cm (ancho) x 60cm (fondo) x 73cm (alto)
1 Estantería de 100cm (ancho) x 200cm (alto) (3 baldas superiores inclinadas, 2 baldas inferiores 90º)
1 Cadeira

Mobiliario adicional*:

Estantería 100cm (ancho) x 200cm (alto) (3 baldas superiores inclinadas, 2 baldas inferiores 90º): 40 €/u
Mostrador branco con caixóns de 105cm (ancho) x 75cm (fondo) x 75 cm (alto): 90 €/u
Cadeira: 5 €/u

*A entidade expositora pode cambiar a mesa do mobiliario básico por unha estantería, sen custe económico. As tarifas inclúen o alugueiro para todos os días da feira. IVE 8% non incluído en ningún dos importes. As empresas e entidades asociadas a Agaphono, Agapi, Age, Agem, Eganet e Escena Galega terán un desconto do 15%.



Stand de 6m x 2 m (2,5m de altura)

Paredes de melamina branca. Medida dos paneis: 1m x 2,50m. Estructura de encaixe de aluminio. Iluminación individual. Unidade de cadro eléctrico individual de 15A con interruptor e enchufe. Elementos construtivos e eléctricos homologados M1
 Moqueta ferial homologada M1, 12m²
 Displayer logo entidade expositora (50x50 cm)

Mobiliario básico incluído:

2 mesas expositoras de 200cm (ancho) x 60cm (fondo) x 73cm (alto)
 2 estanterías de 100cm (ancho) x 200cm (alto) (3 baldas superiores inclinadas, 2 baldas inferiores 90º)
 1 Cadeira

Mobiliario adicional*:

Estantería 100cm (ancho) x 200cm (alto) (3 baldas superiores inclinadas, 2 baldas inferiores 90º) : 40 €/u
 Mostrador branco con caixóns de 105cm (ancho) x 75cm (fondo) x 75 cm (alto): 90 €/u
 Cadeira: 5 €/u

*A entidade expositora pode cambiar unha ou ambas as dúas mesas do mobiliario básico por unha ou dúas estanterías, sen custe. As tarifas inclúen o alugueiro para todos os días da feira. IVE 8% non incluído en ningún dos importes. As empresas e entidades asociadas a Agaphono, Agapi, Age, Agem, Eganet e Escena Galega terán un desconto do 15%.



Stand en forma de L de 3m x 2m e 2,50 m de alto

Paredes de melamina branca. Medida dos paneis: 1m x 2,50m. Estrutura de encaixe, de aluminio.

Iluminación individual. Unidade de cadro eléctrico individual de 15A con interruptor e enchufe.

Elementos construtivos e eléctricos homologados M1

Moqueta ferial homologada M1, 6m²

Displayer logo entidade expositora (50x50 cm)

Mobiliario básico incluído:

1 mostrador branco de 105cm (ancho) x 75cm (fondo) x 75 cm (alto) con varios caixóns

1 taburete branco 63/75 cm (alto axustable)

Mobiliario adicional*:

Taburete branco 63/75 cm (alto axustable): 25 €/u

Imaxe gráfica (impresión e colocación parede posterior (3x2,5m), soporte en lona PVC reutilizable: 220 €

Pantallas de plasma e soportes (contactar coa secretaría técnica para coñecer dimensións e tarifas dispoñibles)

* As tarifas inclúen o alugueiro para todos os días da feira. As empresas expositoras poderán conservar en propiedade as impresións de 3x2,5 unha vez finalice a feira. IVE 8% non incluído en ningún dos importes. As empresas e entidades asociadas a Agaphono, Agapi, Age, Agem, Eganet e Escena Galega terán un desconto do 15%.

4.1.2/ Stands de deseño libre

No momento de formalizar a contratación do espazo, a entidade expositora ten que enviar unha descrición breve do deseño previsto para o stand, segundo indica o formulario correspondente. Este trámite é imprescindible para a aprobación da concesión de espazo para o deseño libre.

Unha vez aprobado o deseño, a secretaría técnica da Feira pode esixir un plano ou memoria técnica do stand que se vai construír, no que se especifique a distribución de elementos decorativos, electricidade e aire, para a aprobación dos aspectos técnicos e de seguridade por parte do departamento técnico do Cultural, que se reserva o dereito de aprobar e/ou modificar o proxecto por razóns inherentes á propia exposición.

A dimensión mínima a contratar é de 6 m². As dimensións recomendadas pola organización son aquelas formadas pola suma de módulos de 6 m² (3 m ancho x 2 m fondo). A organización resérvase a posibilidade de axustar os m² solicitados e a súa composición final (ancho-fondo) segundo a disposición espacial da feira e a ubicación asignada ao espazo contratado.

Para a construción do stand queda terminantemente prohibido pintar, fixar tacos, cravar, etc., no chan e paredes do recinto. A entidade expositora quedará obrigada a facerse cargo dos danos e perdas que se ocasionen por este motivo. Debido á existencia de arquetas eléctricas no chan, queda prohibido acumular grandes cantidades de auga, non se permite tampouco o depósito ou exposición de mercadorías perigosas, explosivas ou insalubres que emitan rúidos molestos ou cheiros desagradables e quedan prohibidos como elementos de construción e decoración elementos como:

- Moqueta non ignífuga
- Cinta de dobre cara que non sexa Tesa cinta 2/c de tecido.
- Material inflamable ou tóxico.

A construción dos stand de deseño está obrigada a cumprir estritamente as medidas inherentes ás do espazo de ocupación contratado, á altura máxima permitida en cada zona e o acabado na construción debe ser perfecto en todas as zonas visibles do stand.

A empresa expositora está obrigada, tamén, ao cumprimento de todas as normas xerais de construción, ao estipulado na lexislación oficial vixente, así como ás normas de prevención sobre riscos laborais, das que o seu descoñecemento non o exime en ningún caso das responsabilidades que leva o seu cumprimento.

4.2/ Condicións de contratación. Servizos incluídos, tarifas e prazos

A contratación dun stand en Culturgal 2011 inclúe, sempre que se cumpran as datas de inscrición e de entrega de materiais:

- Espazo de exhibición e posibilidade de venda de produtos, coas características e condicións que correspondan, segundo se trate dun stand modular ou de deseño libre
- Dúas acreditacións profesionais para o Foro Culturgal e un desconto do 25% nas acreditacións adicionais para empregados
- Inclusión no catálogo de entidades expositoras de Culturgal 2011
- Presenza asegurada dunha actividade de presentación de proxecto ou produto na programación oficial da feira, sempre que a actividade proposta encaixe dentro dos espazos e formatos preestablecidos pola organización.
- Acceso ao espazo exclusivo para profesionais dentro da Feira
- Seguro de responsabilidade civil obrigatorio
- Servizo de limpeza do stand
- Acceso wifi durante os días de apertura ao público

Os prezos de contratación de stands son os seguintes*:

	Stand A e C (6m ²)	Stand B (12 m ²)	Deseño libre
Ata o 25 de setembro	300 €	500 €	25 €/m ²
Entre o 26 de setembro e o 15 de outubro	400 €	650 €	35 €/m ²

* IVE 8% non incluído en ningún dos importes. As empresas e entidades asociadas a Agaphono, Agapi, Age, Agem, Eganet e Escena Galega terán un desconto do 15%.

4.3/ Normativa xeral de contratación

4.3.1/ Condicións básicas da contratación de stands

Todas as empresas, persoas, asociacións e outras entidades con sede social en Galicia que produzan, desenvolvan, difundan, xestionen ou comercialicen produtos e servizos culturais poden contratar un espazo de exhibición ou venda en Culturgal 2011.

Aínda que non se establece un máximo de contratación de módulos para Culturgal 2011, a organización pode limitalos en función das solicitudes recibidas.

O período de contratación de stands comeza o 5 de setembro e remata o 15 de outubro. Para facer efectivo o aluguer do espazo é preciso cumprimentar os formularios indicados neste manual e envialos asinados á dirección de correo electrónico: organizacion@culturgal.com

Unha vez revisada a documentación, será remitida unha factura polo tipo de stand e servizos solicitados. A contratación será efectiva cando se realice o pagamento da factura, con data límite no 31 de outubro.

Ás empresas que realizaron reserva de espazo antes do 5 de setembro descontaráselles o adianto económico que puideran ter realizado na factura de contratación de stand.

A falta de pagamento de calquera das obrigas económicas derivadas desta contratación ou o incumprimento dos prazos facultará á organización para resolvela e poderá dispoñer de novo do espazo contratado.

4.3.2/ Dotación dos stands

Todo o material é fornecido en réxime de alugueiro. A non utilización dalgúns dos compoñentes incluídos nos stands modulares non supón a redución do prezo de contratación.

4.3.3/ Normativa e calendario para o envío de materiais para stands: recepción e almacenamento

O material para stands enviado previamente polos expositores recibírase os días 28, 29 e 30 de novembro e o día 1 de decembro, en horario de 10h a 14h e de 16h a 20h.

O envío realizarase ao seguinte enderezo:

*Pazo da Cultura de Pontevedra
Rúa Alexandre Bóveda s/n
36005 PONTEVEDRA*

Para a correcta recepción do material, a entidade expositora deberá comunicarlle á secretaría técnica da Feira, tanto o nome da empresa transportista como os seguintes datos, que tamén deberán disporse claramente na mercadoría:

*Culturgal 2011
Nome da entidade expositora*

Nome da persoa responsable do stand durante a Feira
Número do stand

Durante a celebración da feira, todas as entidades expositoras disporán de espazo suficiente nun almacén común para gardar materiais ou stock de reserva de produtos. Este almacén común estará compartido por todos os expositores, pero o acceso permanecerá controlado pola organización en todo momento. En todo caso, nin o Pazo da Cultura nin a organización en ningún caso serán responsables de posibles furtos ou perdas de materiais. Tal e como se aclara neste mesmo documento, será responsabilidade de cada expositor subscribir os seguros de responsabilidade civil, danos materiais, perdas ou furto polo importe que considere oportuno.

4.3.4/ Normativa e calendario de montaxe e desmorte

As entidades expositoras que teñan contratada a infraestrutura modular poderán dispoñer desta a partir das 9h30 do día 1 de decembro.

Os stands de deseño libre poderán comezar a montarse a partir das 9h30 do día 30 de novembro.

Todos os stands teñen que estar perfectamente instalados antes das 21h30 do día 1 de decembro.

O desmorte pode comezar o domingo 4 de decembro ás 20h30 e ten que estar rematada antes das 21h30 do día 5 de decembro.

A recollida de materiais das entidades expositoras a través de servizos de mensaxería deberá realizarse o día 5 de decembro de 10h a 14h e de 16h a 20h. Para a correcta saída do material, a entidade expositora deberá contactar coa secretaría técnica para depositar o material nunha zona común de saída e indicar o nome da empresa transportista.

Finalizado o prazo de desmorte, non poderá deixarse material abandonado dentro do recinto.

4.3.5/ Normativa de seguridade

A organización ten prevista a existencia dun servizo de vixilancia xeral do recinto expositivo. Nin o Pazo da Cultura nin a organización en ningún caso serán responsables de posibles furtos ou perdas de materiais que o expositor dispoña no seu stand ou en calquera espazo do recinto feiral, incluído o almacén común dispoñible. Será responsabilidade de cada expositor subscribir os seguros perdas ou furto polo importe que considere oportuno.

As saídas de emerxencia e outros elementos de seguridade non poderán ser bloqueados ou ocultados, total ou parcialmente, por ningún elemento expositivo nin polo público de ningunha actividade que o expositor poida celebrar no seu stand.

4.3.6/ Cesións e cancelacións

Se Culturgal 2011 se cancelara por causas de forza maior, alleas á organización, reintegraranse as cantidades entregadas, descontando os gastos previos de organización do evento, que se cifran nun 25% do importe total dos servizos contratados.

Se é a firma expositora a que cancela a reserva do stand contratado reintegraráselle o 50% do importe aboadado. A partir do 31 de outubro as cancelacións non terán dereito a devolución.

A entidades expositoras non poderán ceder o dereito de ocupación do stand.

Nota importante

As entidades expositoras recoñecen e aceptan as normas e condicións recollidas neste documento e comprométense a respectar calquera nova disposición engadida polas circunstancias e adoptada pola organización.

5) Vantaxes adicionais ao contratar un stand

5.1/ Foro Culturalgal

Culturalgal é unha oportunidade única para que os profesionais da cultura de Galicia compartan as súas inquietudes, proxectos e ideas. Un espazo privilexiado no que construír un novo escenario a partir da sabedoría atesourada por cada un deles.

O Foro Culturalgal nace coa vocación de converterse nunha cita imprescindible que actúe como catalizador sectorial e, dalgún xeito, como punto de inflexión colectiva. Terá lugar os días 2 e 3 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, de xeito simultáneo á Feira das Industrias Culturais e para asistir será imprescindible inscribirse previamente.

Todas as entidades expositoras con stand na Feira terán dereito a dúas inscricións gratuítas para o novo Foro profesional e un desconto do 25% no resto das inscricións que desexen realizar.

5.2/ Tenda do Culturalgal

Nesta edición, Culturalgal creará un espazo de venda común con todas as comodidades para o público visitante: atención especializada, pago con TPV, seccións temáticas, etc. Un espazo onde os visitantes poderán acceder a unha selección dos produtos culturais máis destacados, buscando unha ampla representación do diverso catálogo galego.

A xestión do espazo será realizada por profesionais libeiros, seleccionados tras un concurso aberto realizado en colaboración coa Federación de Libeiros de Galicia.

Independentemente de se realizan ou non vendas no seu stand, as entidades expositoras poderán vender os seus produtos tamén na Tenda Culturalgal. **Todas as empresas que contraten un stand en Culturalgal terán garantida a presenza de como mínimo cinco referencias**, as súas propostas estrela para o Nadal 2011, segundo indiquen no formulario de contratación de stand*.

5.3/ Catálogo de expositores

Todas as empresas expositoras contarán cunha ficha personalizada na web do Culturalgal.

5.4/ Propostas de actividades e presentacións

A contratación dun stand garante a presenza dunha actividade de presentación de proxecto ou produto na programación oficial da Feira, sempre que a actividade proposta encaixe dentro dos espazos e formatos preestablecidos pola organización. Para outro tipo de actividades, está aberta unha convocatoria de propostas ata o 25 de setembro. A información ao respecto está dispoñible na páxina web de Culturalgal

* O fondo dispoñible na tenda provirá exclusivamente de depósitos que empresas editoras cedan para este fin. A solicitude e xestión dos pedidos en depósito ás empresas editoras, a súa recepción e inventariado, a custodia do material en depósito, o embalado da devolución unha vez finalizada a feira e a liquidación de vendas ás empresas editoras serán responsabilidades da xestora da tenda. O envío da mercadoría e a recollida do stock sobrannte despois da feira correrá a cargo de cada editorial. O escandallo sobre o PVP sen IVE, será o seguinte: Empresa editora (55%) + Xestora da Tenda (25%) + gastos Culturalgal (10%) + desconto ao público (10%)

6) Acreditación profesional obrigatoria

A acreditación de representantes das empresas expositoras de Culturgal 2011 será obrigatoria por cuestións de seguridade, control de acceso e para facilitar a identificación entre profesionais.

A acreditación permitirá acceder ao recinto feiral os días 2, 3 e 4 de decembro fóra dos horarios de apertura ao público e tamén será precisa para acceder aos espazos de descanso e de encontro que a organización reserva exclusivamente para profesionais, incluída unha zona de xantar no recinto feiral durante o peche ao público do mediodía.

Coa contratación dun stand, Culturgal premia ás entidades expositoras con dúas acreditacións profesionais gratuítas que inclúen tamén acceso ao Foro Culturgal, que terá lugar os días 2 e 3 de decembro no mesmo recinto da Feira. A empresa expositora poderá formalizar acreditacións profesionais adicionais no Foro Culturgal para o seu persoal cun desconto do 25% sobre a tarifa vixente no momento da inscrición.

Opcionalmente, tamén é posible solicitar acreditacións adicionais gratuítas para persoal de empresas expositoras, con todas as ventaxas agás o acceso ás actividades do Foro Culturgal.

7) Modelos de contratación de espazos e servizos adicionais

Descarga o formulario de contratación aquí:

<http://db.tt/1NyUx0i> (doc, 488kb)

<http://db.tt/8EV2oRP> (odt, 120kb)

8) Calendario para expositores

Calendario previo

Do 5 de setembro ao 15 de outubro

- Prazo para a contratación de espazo e stands

25 de setembro

- Finaliza o prazo para acollerse a tarifa económica de contratación de espazo e stands
- Finaliza o prazo para a presentación de propostas de actividades

15 de outubro

- Finaliza o prazo para contratación de espazo e stands
- Finaliza o prazo para a proposta de produtos estrela para a Tenda Cultural
- Finaliza o prazo para a entrega da información das entidades, actividades e produtos

31 de outubro

- Finaliza o prazo para pagamento do 100% +IVE do importe total do espazo asignado

Calendario da Feira

Luns 28 de novembro a mércores 30 de novembro

- Recepción de materiais dos expositores: 10h a 14h e de 16h a 20h

Mércores 30 de novembro

- Montaxe dos stands de deseño libre de 9h30 a 21h30

Xoves 01 de decembro

- Montaxe dos stands de deseño libre de 9h30 a 21h30
- Posta a disposición de stands modulares a partir das 9h30
- Hora límite para a entrada de mercadorías e instalación de stands: 21h30

Venres 02 de decembro

- Acceso profesional: 9h30 a 21h30
- Apertura ao público da Feira: 11h a 14h30 e de 16h30 a 21h30
- Foro Cultural
- Inauguración da Feira ao mediodía

Sábado 03 de decembro

- Acceso profesional: 9h30 a 21h30
- Apertura ao público da Feira: 11h a 14h30 e de 16h30 a 21h30
- Foro Cultural

Domingo 04 de decembro

- Acceso profesional: 9h30 a 21h30
- Apertura ao público da Feira: 11h a 14h30 e de 16h30 a 20h30
- Inicio desmonte e recollida de materiais a man: 20h30

Luns 05 de decembro

- Apertura de portas para desmonte a partir das 9h30
- Horario de recollida de materiais por empresas de mensaxería: 10h a 14h e de 16h a 20h
- Hora límite para o fin do desmonte e recollida de materiais: 21h30

9) Contacto

Secretaría Técnica
organizacion@culturgal.com
Tlf. 881.16.23.36
(horario de atención: LU a VE de 9:00 a 15:00)

Culturgal é un proxecto da industria que construímos entre todos. Se tes unha proposta de micropatrocinio ou colaboración, non dubides en contactar coa organización